



Moción do BNG de Meis encol da Reitoral de San Vicente de Nogueira

M^a do Carme Martínez Rodiño, Portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao aveiro da lexislación vixente presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate e posterior aprobación, se procede, polo Pleno da Corporación,

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Reitoral da freguesía de San Vicente de Nogueira forma un dos patrimonios máis importantes do concello, mas atópase nun estado de abandono desde hai xa varios anos.

Desde o BNG consideramos que é o lugar idóneo para os veciños de Nogueira como lugar de encontro, reunións e ademais como eixo canalizador de actividades, sendo o Centro Social ou Sociocultural que precisa a parroquia. Recentemente falouse de facer un Local Social para reunións dos veciños no monte Riás, denominado “aula didáctica”, á altura do campo de fútbol do Zacande e do Pre-escolar de Nogueira, e coidamos que unha maneira de optimizar os nosos escasos recursos económicos e ó mesmo tempo ofertar ós veciños esa aula sería invertir esa partida no acondicionamento e restauración do edificio reitoral.

Ben é certo, que a construción é propiedade da Igrexa, mais un convenio entre as institucións públicas e o Bispado de Santiago (na que podería intervir, entre outros, a Comunidade de Montes de Nogueira) sería beneficioso para a propia Igrexa e para os veciños, é por suposto para a propia edificación e entorno, podendo converterse nun motor que dinamice, una e dé pulos ás distintas iniciativas xa existentes na parroquia e todas aquelas que foran xurdindo. O uso compartido entre os veciños e a Igrexa non conlevaría nin poñería en perigo, nun futuro, a posíbel residencia do cura titular pois a Casa é grande de abondo para compaxinar os usos mais necesarios dos veciños de Nogueira e, por outra banda, os do sacerdote.

Tarde ou cedo, terase que restaurar a Reitoral de San Vicente se non queremos que vaia desaparecendo co tempo o que sería lamentable, e achamos como a mellor alternativa a de non facer varios gastos senón só un, recuperando un dos símbolos esenciais do patrimonio arquitectónico da parroquia de San Vicente de Nogueira e, polo tanto, do concello de Meis

Por todo isto,

SOLICITA

Que o Pleno da Corporación de Meis inste ao Goberno Municipal a que realice as xestións necesarias, onde sexa menester, para a recuperación da Reitoral de San Vicente e o uso desta, entre outros, como Centro Social dos veciños de Nogueira.

No Mosteiro, Meis, a 4 de Novembro de 2006

Asdo: M^a do Carne Martínez Rodiño
Portavoz do G.M. do BNG

Alcalde Presidente do Ilmo. Concello de Meis